


Las maravillas del mundo ...



As pirámides de Gizeh, a impenetrable selva de Bwindi e moitos outros foron declarados Patrimonio Nacional da Humanidade. Lugares únicos que hai que protexer e conservar, como unhas «maravillas» que dan testemuño da riqueza e a diversidade da natureza e das diferentes culturas. ¡Unha orixinal invitación a viaxar!

Elisabeth Mont-Le Cornec **EDIT. ONIRO**


As viaxes fantásticas de Jules Verne



A través destas cinco historias rocambolescas, descubriredes o universo increíble do mestre incontestable da aventura. Dirixirse á Lúa nun foguete, descender ao máis profundo da Terra, capitanear dun modo arrebatado o Nautilus ou carreiras a fume de carozo en plena sabana...

Adaptada por Claude Carré **EDIT. BAÍA**


El principito



O principito vive nun pequeno planeta, o asteroide B 612, no que hai tres volcanes e unha rosa. Pasa os seus días coitando do seu planeta, e quitando as árbores baobab que constantemente intentan botar raíces alí. De permitirles crecer, as árbores partirían o seu planeta en pedazos. Un día decide abandonar o seu planeta...

Antoine de Saint-Exupéry **SALAMANDRA**

Adios Hemingway



Un interesante axuste de contas de Mario Conde coa súa vida e coa dun dos seus ídolos literarios, pero tamén unha punzante e inesquecible recreación do Hemingway egolatra e contradictorio, acurralado polos seus recordos e remordimentos, nos días previos ao seu suicidio.

Eduardo Padura **EDIT. TUSQUETS**

A boca da terra



Un libro de “poesía insurxente”, con “páxinas onde a natureza fala, murmura, berra ou xura con ironía no eco das campás”. Tamén se agocha nas ruínas e aluca, sentinela, o pasar dos camiños. Lembra e soña: corren por estes eidos cabalos de cores insubmisas, a liña do horizonte está á espreita dun temporal de bolboretas.

Manuel Rivas **EDIT. XERAIS**

Non esquezades visitar:

www.abelendo.blogspot.com

www.abelendoin.blogspot.com

www.novasdoprimeirociclo.blogspot.com

www.segulendo.blogspot.com

www.novasterceirociclo.blogspot.com

www.centros.edu.xunta.es/ceipabelendo




Feliz Nadal de Lecturas

DECEMBRO 2015

BIBLIOTECA VIVA
CEIP ABELENDO
MOAÑA

PRELECTORES

Vaya rabieta



Roberto non está a ter un bo día e está de mal humor. O seu pai castigouno na súa habitación. Entón Roberto sente unha Cousa terrible que lle sae de dentro e empeza a rompelo todo. Se non a para a tempo!

Mireille d'Allancé **EDIT. CORIMBO**

Soy un artista



O libro perfecto para todos aqueles nenos que gozan facendo arte. Ao noso protagonista encántanlle as cores, as formas, as texturas e TODO o que lle inspira: oa seus calcetíns, o que garda na nevera ...

Marta Altés . **BLACKIE LITTLE BOOKS**

Os ratos da casa




Son as peripecias dunha familia de roedores que sae do monte e chega a unha casa. O relato transcorre no tránsito do solpor ao amencer, e no que non faltan sobresaltos para os ousados ratiños, como a inoportuna presenza doutro animal que os sorprende coas 'patas' na masa.

Oli **EDIT. KALANDRAKA**

PRIMEIROS LECTORES

Despois da chuva



Fábula moderna. Un diluvio inunda o bosque e os seus habitantes terán que saír adiante nun improvisado refuxio. Un pequeno raposo ofrecerase para buscar comida e auga, pero o grupo non cre nas súas capacidades -nin nas súas intencións e encomenda esas tarefas a outros animais.

Miguel Cerro **EDIT KALANDRAKA**

Colección Isto é ...



Esta colección presenta, cunha mirada brillante e cargada de encanto, un percorrido polas principais cidades europeas. Gozarán con ela tanto os pequenos como os maiores pola exposición directa e sinxela dos textos e as súas, sempre sorprendentes ilustracións.

Miroslav Sasek **EL PATITO EDITORIAL**

El papiro del César



Esta aventura trancurrirá na Galia, mantendo a tradición de toda a colección de alternar un álbum onde a parella de galos viaxan a outro país con outra na que non se moven da súa terra. Mantendo o segredo de sempre, ademais do título e o escenario, haberá novos personaxes, e ¡como non!, haberá poción e romanos.

Jean-Yves Ferri **EDIT SALVAT**

LECTORES AUTÓNOMOS

Inventario de insectos



Reúne 65 especies de insectos de diversas procedencias. Un libro atractivo pola vistosa representación gráfica dos insectos, polos contidos técnicos sobre a súa anatomía, hábitat, alimentación, curiosidades relacionadas coa captación dos sentidos e das imaxes, ou o desenvolvemento fisiolóxico dos que experimentan a metamorfose.

Virginie Aladjidi **EDIT. KALANDRAKA**

Colección Formig4s



Formig4s son unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. Este caso lévaos ata Nova York, a populosa urbe de EEUU. Todo empeza en Liberty Island. A inquilina desta pequena illa marchou polo seu propio pé!

P. Tobaruela e A. Meixide. **EDIT. XERAIS**

Volverás, golfinho



A familia de Iris múdase á casa do avó na Costa da Morte. Alí as tardes do verán énchense coas visitas da nena ao areal de Trece e coa luz do faro de Cabo Vilán, que advirte de invisíbeis perigos. Algo escuro se agocha no baúl que Iris descobre no faiado. Algo que ten que ver con segredos dunha costa que é de morte pero tamén é de vida onde en ocasións nadan golfinhos...

Andrea Maceiras **EDIT. XERAIS**